

## ANEXO ESPECÍFICO:

### V CARREIRA POPULAR MATOGRANDE - 19/01/2020

#### INSCRICIÓN

A data límite de recepción de inscricións será o DOMINGO 12 de xaneiro, á 23:59 h.

**Online:** A través de [www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com)

#### HORARIO DE SAÍDAS E DISTANCIAS

CATEGORÍA	HORA	DISTANCIA
ABSOLUTA	10:30	6.625 m. aprox.
SUB 18	11:35	2.535 m. aprox.
SUB 16	11:35	2.535 m. aprox.
SUB 14 FEMININO	11:50	1.495 m. aprox.
SUB 14 MASCULINO	11:50	1.495 m. aprox.
SUB 12 FEMININO*	12:00	730 m. aprox.
SUB 12 MASCULINO*	12:10	730 m. aprox.
SUB 10 FEMININO*	12:20	730 m. aprox.
SUB 10 MASCULINO*	12:30	730 m. aprox.
PEQUES*	12:40	120 m. aprox.

*\*Horarios orientativos en función da participación.*

#### LUGAR E RECOLLIDA DE DORSAIS

Colexio Liceo La Paz, acceso pola rúa Sebastián Martínez Risco

**Sábado 18 de xaneiro 2020:** de 11:00 a 20:30 h

**Domingo 19 de xaneiro 2020:** Ata ½ hora antes da saída de cada carreira.

## LUGAR DE SAÍDA E META

Rúa Sebastián Martínez Risco (Á altura do Colexio Liceo La Paz)

## PECHE DE CONTROL DA PROBA ABSOLUTA

Ás 11:30 horas.

## SERVIZO DE DUCHAS E GARDARROUPA

No Centro Liceo La Paz o día da carreira, de 9:30 a 13:00 horas.

## USO DO CHIP

O chip ha de ir correctamente atado nos cordóns das zapatillas ou cunha nocelleira á altura do nocello, ou adherido ao dorsal segundo o tipo de chip que se utilice.

- Chip amarelo en propiedade (non se devolve)
- Chip para todo o circuito (non se devolve ata a finalización do Circuito)
- Chip non retornable adherido ao dorsal, de uso exclusivo para cada unha das carreiras (Non se devolve)

## AVITUALLAMENTO DE META

Proporcionarase avituallamento a todas as persoas participantes en cada unha das categorías no punto de avituallamento que estará ubicado nun lugar visible despois da meta.

## COLOCACIÓN PÚBLICA DAS CLASIFICACIÓNS

Anunciarase por megafonía, a ubicación e o momento no que as clasificacións de cada carreira estean colocadas ao público.

## ENTREGA DE PREMIOS

**Horario e lugar:** Á 13:00 horas no Palco situado en zona polideportiva interior do Centro Liceo La Paz.

- As persoas premiadas, deberán situarse na zona próxima á entrega de premios cando por megafonía se anuncie o inicio da mesma, así como estar pendentes do momento en que se chame a cada unha das categorías.
- Agradecemos ás persoas responsables dos clubs que teñan constancia de que o/a atleta non está presente, o comuniquen na zona de premiación, para evitar esperas innecesarias.
- Exclusivamente poderán subir ao podium as persoas premiadas.
- Con carácter xeral, quen non se presente á recollida do seu premio no momento da entrega, perderá o dereito a recollelo.
- Para quen poda alegar unha causa xustificada pola súa ausencia no momento da entrega, deberá poñerse en contacto co Servizo Municipal de Deportes durante un prazo máximo de 15 días, onde se custodiarán os trofeos non recollidos.

## MEDIOS DE CONTACTO

- Servizo Municipal de Deportes (Palacio dos Deportes de Riazor – 1º andar), de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas
- Por correo electrónico á seguinte dirección: **carreraspopulares@coruna.es**
- Teléfonos de información: 981 18 98 00 (Ext. – 25025 - 25038)

Web: [www.coruna.gal/carreraspopulares](http://www.coruna.gal/carreraspopulares)

**NOTA:** Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil, así como a xestión da licencia de día e ranking popular de probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow 13 – 15008 A Coruña.